

NATURGY CORUÑA ACOLLE UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE DA ADOS

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) estará ao longo da presente xornada nas instalacións da empresa Naturgy da Coruña para incentivar a participación nas campañas de doazón de sangue de todos os profesionais que desexen colaborar.

As persoas que desexen participar activamente poderán acudir á unidade móbil da ADOS que estará estacionada diante dos servizos médicos das 09:30 ás 14:30 horas.

A Axencia quere agradecer a todos os traballadores e traballadoras a súa participación e convidarlles a que continúen a incrementar as 1.038 doazóns que se teñen rexistrado no transcurso das 39 visitas realizadas pola ADOS ata Naturgy Coruña desde o ano 1994.